

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 28 de outubro de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e oito de outubro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1226) ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de outubro de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1227) SUBVENCIÓN POR IMPORTE DE 17.700 € A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE ANTIGOS XOGADORES DO RC CELTA DE VIGO. EXPTE. 7427/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.07.11, o informe de fiscalización do 19.10.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e RR.PP., do 9.09.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a AGRUPACIÓN DE ANTIGOS XOGADORES DO REAL CLUBE CELTA DE VIGO SAD G-36.810.372 unha subvención pola contía de 17.700 euros para axuda dos gastos de desprazamentos e organización de diversos eventos da entidade dirixidos a dar a coñecer as súas actividades á cidadanía e de cara aos propios asociados, que será de cargo á partida 912.0.489.00.04 (outras subvencións) ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo.

2º.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

3º.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

4º.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

5º.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar esta ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

6º.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

8º.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

9º.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

10º.- No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**3(1228) DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONTROL CENTRAL MÚSICA Y ARTE CONSTITUÍDO POLO EVENTO NBA BBVA EXPERIENCE ON TOUR. EXPTE. 10737/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.10.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 4.000€, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a CONTROL CENTRAL MUSICA Y ARTE,, para responder dos danos no aparcadoiro de Samil , con motivo da celebración do evento NBA BBVA Experience on Tour os días 30 e 31 de xullo de 2011.

Nº de operación: 201100049186

**4(1229) DEVOLUCIÓN DE AVAL A HIDOESTRUCTURAS S.L. POLO CONTRATO DE OBRA PARA A REFORMA E ADECUACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE CASTRELOS. EXPTE. 4308/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas, do 24.10.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira delegada de Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polo Servizo de Intervención municipal se proceda á devolución da fianza constituída en data 21 de abril de 2010 por HIDROESTRUCTURAS S.L. con CIF B-36.922.144, polo importe de 9.516,35 euros, para o contrato de obra de reforma e adecuación do Auditorio municipal de Castrelos, tras a correcta realización dos traballos por parte da empresa adxudicataria.

**5(1230) INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 179.799,48 € A FAVOR DE SILVERIO RIVAS ALONSO POLA ADQUISICIÓN DUN CONXUNTO ESCULTÓRICO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO BICENTENARIO DA CIDADE. EXPTE. 1056/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 25.10.11, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 11.10.11, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha validación de gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1550.689.00.90 “Escultura bicentenario, segunda anualidade” do orzamento municipal vixente, por un importe total de 179.799,48 € (cento setenta e nove mil setecentos noventa e nove euros con coarenta e oito céntimos), correspondente á realización da “*Escultura conmemorativa do*

*Bicentenario en aceiro inoxidable AISI 304 pulido en planchas de 30 milímetros na súa parte inferior e 15 milímetros na parte superior, con texto calado de 23 parroquias, así como bicentenario Vigo cujas dimensións son 7 mts. de alto e 5,20 mts. de ancho, a recepción de 24 réplicas da escultura a tamaño 1/20 e 3 réplicas da escultura a tamaño 1/10.”.*

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Silverio Rivas Alonso, NIF 35.983.583-Z, polo citado importe e polo concepto indicado no punto anterior.

**6(1231) ADENDA Nº 1 AO CONVENIO SUBSCRITO POLA XUNTA DE GALICIA, O ORGANISMO AUTÓNOMO AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO CON AGUAS DE LA CUENCA DEL NORTE, COMO USUARIOS DA ACTUACIÓN HIDRÁULICA “SANEAMENTOS DE VIGO”. EXPTE. 1049/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 14.10.11, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 13.10.11, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Con data 2 de agosto de 2010 se suscribiu ó Convenio de referencia, aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 30 de xullo de 2010, e co seguinte contido:

1º.-Prestar a súa aprobación ó Borrador do Convenio a subscribir entre o Excmo. Sr. Concelleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, o Excmo. Sra. Presidenta do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o Excmo. Sr. Presidente de “Aguas de la Cuenca del Norte, S.A. e o Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Vigo de conformidade co clausulado e redacción que figura no expediente administrativo e co fin de levar a efecto a actuación “Ampliación e Modernización da EDAR do Lagares”.

2º.- Facultar ó Excmo. Sr. Alcalde-Presidente para que en representación desta Corporación Local proceda a signatura do seguinte documento de compromiso.

3º.-Autorizar a elevación das porcentaxes ou topes máximos previstos para o compromiso de gasto, en escenario plurianual, recollidos no artigo 174 da vixente LRHL e todo ilo ó amparo da facultade concedida a este órgano no apartado 3 da disposición adicional segunda da Lei 30/2007.

4º.- Autorizar o compromiso de gasto, en concepto de adquisición de terreos necesarios, por importe máximo de 10.274.000,00€ con cargo a exercicios futuros e de acordo co seguinte escenario plurianual:

ANUALIDADE ORZAMENTARIA	DOTACION ORZAMETARIA COMPROMETIDA
2011	1.905.040,00 €
2012	6.678.100,00 €
2013	1.690.860,00 €
TOTAL	10.274.000,00 €

5º.- Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, Organismo Autónomo Augas de Galicia, Sociedad Estatal “Aguas de la Cuenca del Norte, S.A.” para o seu coñecemento e efectos oportunos.

2.- Con data 8 de xullo de 2011 a Comisión de Seguimento do Convenio aproba o borrador de adenda ao Convenio para a reprogramación das anualidades de inversión e financiación e o seu reflexo nos compromisos presupostarios anuais de cada organismo intervinte (anexo II e III), no período a que se estende o mesmo.

O expediente debe ser informado pola Asesoría Xurídica da Área e a Intervención Xeral no seu caso, previamente a sometelo a aprobación do órgano municipal competente.

Por isto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, competente segundo o previsto na disposición adicional segunda da Ley 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, a adopción do seguinte acordo:

1.- Prestar aprobación ao borrador da adenda nº 1 ao Convenio suscrito pola Xunta de Galicia, Organismo autónomo Augas de Galicia eo Concello de Vigo con Aguas de la Cuenca del Norte, S.A., como usuarios da actuación hidráulica “Saneamento de Vigo”, con data 2 de agosto de 2010.

2.- Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde-Presidente para que en representación deste Concello proceda á firma do documento.

3.- Notificar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, ao Organismo Autónomo Augas de Galicia, á sociedade estatal e á Comisión de Seguimento do Convenio, aos efectos oportunos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1232) PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA ADECUACIÓN DUN LOCAL COMO ESCOLA INFANTIL NA DOBRADA, RÚA MARTÍNEZ GARRIDO Nº 29. EXPTE. 2021/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 24.10.11, que di o seguinte:

A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP, presenta o proxecto “BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA ADECUACIÓN DUN LOCAL COMO ESCOLA INFANTIL NA DOBRADA, MARTÍNEZ GARRIDO, Nº 29”, redactado polo ARQUITECTO, D. JAVIER PENAS LIÑÁN E O ENXEÑEIRO T. OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO, cun orzamento base de licitación de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000,00 EUROS).

Trátase dun proxecto de reforma dun local en planta baixa en edificio existente, para adaptalo as necesidades e condicións de uso como escola infantil de 0 a 3 anos, cunha superficie construída de 413.04 m<sup>2</sup>.

*Formúlase a distribución da planta en función dos elementos estruturais existentes e predominantes debido á cantidade de pilares e vigas metálicas en ambos os dous sentidos por debaixo do forxado de planta primeira. Establecendo deste xeito o esquema funcional da escola infantil de xeito lineal e ordenado, aproveitando os ocos de fachada para ventilación natural e tratamentos de carpinterías de aluminio e os accesos.*

*Contará con dúas saídas, unha principal do lado da fachada da Avda. Martínez Garrido e outro posterior na mesma liña, para cumprir con saídas de evacuación establecidas.*

*O patio, será cuberto con tres fachadas cara ao exterior, establecendo así a ventilación e contacto visual.*

*Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras D. Jorge Muñoz Rama, de data 24 de outubro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

1.- *Aprobar o proxecto redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP, para o proxecto “BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA ADECUACIÓN DUN LOCAL COMO ESCOLA INFANTIL NA DOBRADA, MARTÍNEZ GARRIDO, Nº 29”, cun orzamento base de licitación de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000,00 EUROS).*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1233) PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO E O CONCELLO DE VIGO PARA COADXUVAR O FINANCIAMENTO DAS “XVIII XORNADAS VECIÑAIS” E O “PROGRAMA DE INTEGRACIÓN DO ENFOQUE DE XÉNERO NAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO”. EXPTE. 4990/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.10.11, o informe de fiscalización, do 19.10.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 13.10.11, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de subvención entre a “Federación Veciñal Eduardo Chao” e o Concello de Vigo para coadxuvar á financiación das “XIX Xornadas das Mulleres veciñais e o Programa de integración do enfoque de xénero nas Asociacións Veciñais de Vigo”.

2º.- Autorizar á concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 20.000,00€ (vinte mil euros) para facer fronte aos gastos derivados da execución deste convenio, con cargo á partida nominativa “*Convenio colaboración coa Federación Veciñal*” 2311 489005 do orzamento vixente da concellería de Igualdade.

4º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil once

#### REUNIDAS

*Dunha parte, dona M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do Decreto de delegación de competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011).*

*Doutra, Ana Pérez Davila, na súa calidade de vogal de Igualdade e Benestar da “Federación Veciñal Eduardo Chao”, con CIF nº G36681708 e enderezo social na praza da Princesa nº 7-2º andar Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que obra no expediente.*

*Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### MANIFESTAN

*I.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.*

*II.- Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.*

*Desde hai mais de quince anos a concellería de Igualdade (antes concellería de Muller) ven colaborando activamente coa Federación Veciñal “Eduardo Chao” no desenvolvemento das Xornadas das Mulleres Veciñais que se organizan con perioricidade anual.*

*Estas Xornadas das Mulleres veciñais configúranse como un punto de encontro entre as mulleres da cidade para traballar e debetir diferentes temas de actualidade que contribúan a promover e potenciar valores de igualdade na sociedade. As xornadas son froito dun traballo continuado durante mais de quince anos que serviron para a súa consolidación e conversión nun punto de referencia para o debate sobre a igualdade.*

*III.-A Asociación “Federación Veciñal Eduardo Chao”, é unha entidade sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente que lle é de aplicación.*

*A ampla traxectoria desta asociación caracterízase pola súa intensa defensa dos dereitos da muller e no combate e denuncia da violencia de xénero. É unha entidade que ten participado activamente no Consello Municipal da Muller desde os seus comezos.*

*IV.- Este ano, a “Federación veciñal Eduardo Chao”, manifesta a súa vontade de continuar esta liña iniciada e consolidada. Para elo ten previsto organizar as “XIX Xornadas das Mulleres Veciñais” e o*



proxecto “Integración do enfoque de xénero nas asociacións veciñais”. Ámbalas dúas accións teñen a finalidade de:

- Modificar as estruturas e dinámicas organizativas nas asociacións veciñais.
- Impulsar procesos participativos con perspectiva de xénero.
- Empoderar ás mulleres do movemento asociativo veciñal e
- Dar a coñecer os recursos e programas da concellería de Igualdade.

Estes obxectivos enmárcanse nas accións recollidas no “IV Plan integral de Igualdade de oportunidades de Mulleres e Homes” aprobado pola corporación municipal en novembro de 2009, para o período 2009/2012. Concretamente no Eixo 1: Concienciación e formación en Igualdade de Oportunidades Eixo 2: Empoderamento, Visibilización e Participación Social e nas áreas de Educación en Igualdade e na de Conciliación e Corresponsabilidade.

Considerando que esta iniciativa presentada pola “Federación Veciñal Eduardo Chao” cumpre os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa no eido social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

V.-A concesión desta subvención directa acóllese ao previsto no artigo 19, 4.a da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar prevista nominativamente no orzamento da concellería de Igualdade aprobado para o presente exercicio. O Concello de Vigo fará fronte ao importe da axuda, distribuída do seguinte xeito: 20.000,00 € con cargo á partida nominativa” “Convenio colaboración Federación Veciñal Eduardo Chao” 2311 489005 do orzamento vixente da concellería de Igualdade.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación das “XIX Xornadas das Mulleres veciñais” e do “Programa de integración do enfoque de xénero nas asociacións veciñais de Vigo”.

VII.- Que a “Federación Veciñal Eduardo Chao” non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da “Federación Veciñal Eduardo Chao”, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## PACTOS

Primeiro.- O presente convenio ten por obxecto colaborar coa “Federación Veciñal Eduardo Chao” (en adiante FAVEC) no desenvolvemento das “XIX Xornadas das Mulleres Veciñais” e o proxecto “Integración do enfoque de xénero nas asociacións veciñais de Vigo” durante o período de vixencia do convenio, segundo a memoria xustificativa que se incorpora como Anexo I. O convenio estará vixente dende a data da súa sinatura por ambas as dúas partes ata o remate do ano natural (mes de decembro do 2011)

A FAVEC comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Empregar o galego e unha linguaxe e imaxe non sexista en todos os medios de promoción e difusión.

3.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

4.- Todas as actividades desenvolvidas pola FAVEC na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

5.- A persoa ou persoal que preste servizos na FAVEC non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

6.- As obrigas da FAVEC, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1.-Colaborar coa FAVEC na difusión e dinamización dos contidos e actuacións da FAVEC vinculados con este convenio.

2.-Colaborar na financiación das actuacións vinculadas a este proxecto a través da concesión directa dunha subvención por importe de 20.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade para a organización das “XIX Xornadas das Mulleres Veciñais” e o Programa de integración do enfoque de xénero nas asociacións veciñais de Vigo, con cargo á partida “Convenio colaboración Federación Veciñal Eduardo Chao” 2311 489005 do orzamento vixente da concellería de Igualdade.

Terceiro.- Esta subvención non será compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en dúas partes:

a)A primeira, por importe de 6.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

b)A segunda por importe de 14.000,00 €, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria final da actividade e

xustificantes orixinais de gasto polo importe de 20.000,00 €, segundo o estipulado no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria, en relación á subcontratación con terceiros, atenderá ao previsto no artigo 29 na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ademais, non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 dos artigos citados.

Sétimo.- Para o seguimento e avaliación do presente convenio establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

Unha técnica do servizo municipal de Igualdade.

Unha representante da vogalía da muller da Federación Veciñal

Actuará como secretaria da comisión a técnica do servizo municipal de igualdade.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logotipo e lenda da concellería de Igualdade do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite. Igualmente, deberá facer mención a esta financiación en cantas intervencións presentes ou futuras se realicen nos medios con motivo destas actividades. A concellería de Igualdade conformará o material de difusión que se empregue para difundir as actividades obxecto deste convenio. Para elo, a FAVEC deberá achegar á concellería de Igualdade as probas e propostas de material (circulares, carteis, convites, folletos, etc) coa debida antelación.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida, así como declarar o importe e a aplicación dos fondos propios que financian tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

*Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*A axuda do Concello de Vigo incluírá os gastos xerados pola actividade, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade. Anexo II.*

*Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.*

*Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria cuantitativa e cualitativa sobre a actividade desenvolvida no marco deste convenio, achegando entre outros: relación de mulleres participantes, cinco exemplares de todo o material impreso e en formato dixital empregado para a difusión das actividades obxecto deste convenio.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o período de organización e execución da actividade.*

*Décimo segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade .*

*A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o*

*reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicado.”*

**9(1234) DEVOLUCIÓN DE AVAL A IGNACIO FERNÁNDEZ LORENZO CONSTITUÍDO POLA INSTALACIÓN DUNHA ESTADA EN ZONA VERDE DA RÚA CASIANO MARTÍNEZ Nº 20. EXPTE. 6274/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 24.10.11, conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que se proceda a devolución de aval requirido a Ignacio Fernández Lorenzo por valor de 150,00 € por instalación de estada en zona verde da rúa Casiano Martínez nº 20 para realización de obras en vivenda xa que unha vez retirada a estada da na zona verde non houbo danos.

**10(1235) DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2011. EXPTE. 1325/334.**

Mediante providencia do 4.10.11, en cumprimento coa base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira de Deportes e Normalización Lingüística dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de setembro, que son os seguintes:

Expediente	1320/334. Actividade "Unha lección de cine" para secundaria
Decreto concelleira	data 19 de setembro de 2011
Informe Intervención	RC 62514
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	6.000,00 euros

Expediente	1321/334. Actividade "Ciencias tamén en galego. Obradoiros de ciencias divertidas"
Decreto concelleira	data 19 de setembro de 2011
Informe Intervención	RC 62513
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	4.500,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**11(1236) PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO A FAVOR DE D. FRANCISCO J. GUTIÉRREZ ORÚE PARA REALIZAR O CURSO “TÉCNICO SUPERIOR DE XESTIÓN DE PROGRAMAS DE EMPREGO”. EXPTE. 5442/320.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 19.10.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de acordo ó disposto no art. 185 do Real Decreto legislativo 2/2004, polo importe de 180,00 € (cento oitenta euros) a favor de Francisco J. Gutiérrez Orúe, co NIF 13894232-R con cargo na partida 9240 1620000 “Gastos formación”. De Participación Cidadá, gastos de capacitación e actualización nas novas metodoloxías a empregar sobre a busca de emprego.

2º- Este importe librarase a xustificar, na conta corrente de habilitación de pagos de CAIXANOVA AUT 08 PROMOCIÓN ECONÓMICA, co código de conta 2080 5000 62 3110251592 a nome de Francisco J. Gutiérrez Orue, con DNI 13894232R, xefe do servizo Desenvolvemento Local e Emprego.”.

**12(1237) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JOSÉ ANTONIO CAMBLOR GARCÍA (COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO Nº 10 R/COUTO DE SAN HONORATO) EN RELACIÓN COA RECUPERACIÓN DE OFICIO DA POSESIÓN MUNICIPAL DA ZONA PORTICADA EN DITO EDIFICIO. ESTIMADO. EXPTE. 19048/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 10.10.11, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio e a xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)
- L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 18.04.2011 acordou: 1º.- Desestimar as alegacións formuladas pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato e de D. Marcos Fuentes Castro ó presente expediente de recuperación posesoria incoado por Decreto do Concelleiro Delegado de Patrimonio de data 19 de outubro do 2010 ó non resultar desvirtuados, polos motivos expostos nos antecedentes, os fundamentos xurídicos que a motivan. 2º.- Recuperar de oficio a posesión da zona porticada de uso público sita a nivel de planta baixa no edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato, desta cidade de Vigo, dunha superficie de 651,22 m<sup>2</sup>, ante a súa ocupación ilícita mediante a realización dun peche o longo de todo o seu perímetro pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato. 3º.- Concederlle á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato o prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, para que proceda á retirada do peche deixando libre o acceso á zona porticada de uso público. 4º.-Apercibirille que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase por esta Administración á execución forzosa do ordeado, consonte o previsto na LRXAP e PAC, correndo do seu cargo os gastos que se orixinen.” Acordo que foille notificado ao interesado en data 9 de xuño do 2011.*

*Segundo.- D. Jose Antonio Camblor Garcia, actuando en calidade de Presidente da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato, mediante escrito de data 08-07-2011 formula recurso de reposición contra dito acordo solicitando a súa anulación e que se deixe sen efecto,decretando o arquivo de todas as actuacións practicadas.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*PRIMEIRO.- Procede admitir a tramite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.*

*A Comunidade de Propietarios no seu recurso alega a caducidade do procedemento o terse excedido o prazo fixado legalmente para sua resolución, e conseguintemente que o acordo ditado non produce efectos o entenderse caducado dito procedemento.*

*SEGUNDO.- O instituto da caducidade dos procedimentos administrativos esta previsto e regulado no art. 43 y 44 da L. 30/92 de RJAP y PAC, regulación que resulta de aplicación aos procedimientos das Entidades Locales por remisión xenérica da sua normativa xurídica a favor da lexislación estatal sobre procedemento administrativo común (art. 146. del ROFRJEL), e expresamente no que se refire á caducidade , o previsto no art. 178 del ROF: A caducidade dos expedientes administrativos rexirase pola lexislación sobre procedimiento administrativo común.*

*De acordo co previsto en ditas normas, naqueles casos no que se trate dun procedemento iniciado de oficio, a falta de resolución expresa do procedemento no prazo, e sua notificación os interesados, non exime á Administración do cumprimento da súa obriga de resolver, si ben produce o efecto da caducidade do procedemento incoado (art. 44 LRJAP y PAC).*

*A tenor disto, dende unha perspectiva puramente formal, e na aplicación estricta da norma, no presente caso, tendo sido incoado de oficio o expediente de recuperación posesoria na data 19.10.2010 e adoptado o acordo resolutorio pola Xunta de goberno local en data 18.04.2011, pódese estimar que formalmente o procedemento podería estar incurso en causa de caducidade ó non apreciarse a concurrencia doutras circunstancias que xustifiquen a demora acaecida e conseguintemente o incumplimento da obriga de ditar resolución do procedemento en prazo.*

*Agora ben, esta hipotética caducidade requiere, no seu caso, ser declarada polo órgano administrativo ou xurisdiccional competente. Declaración, que aínda no suposto que se aprecie a concurrencia de causa que a motivaría, pode verse non aplicada cando l cuestión suscitada afecte ó interés xeneral, o fora conveniente sustanciala para sua definición e esclarecemento ( art. 92.4 de la LRJAP y PAC), presuposto fáctico que, en consideración ó procedemento en cuestión, non parece presentar obxeción ó tratarse do exercicio dunha acción na defensa e protección dun ben de titularidade pública de natureza demanial.*

*TERCEIRO.- A caducidade non da lugar en ningún caso a unha prescripción da acción administrativa, ou a caducidade ou decadencia de dereitos da administración nin, respecto ós interesados no procedemento, un recoñecemento dunha situación xurídica individualizada o constitución de dereitos sobre os bens públicos obxeto de expediente.(art. 44 y art.92.2 y 92.3 de la LRJAP y PAC).*

*Seus efectos quedan limitados á esfera puramente formal do procedemento, dando lugar a unha demora no exercicio da acción, pola imposibilidade de continuación do expediente e a necesidade do seu reinicio. Demora en todo caso relativa tendose en conta que xa se ten resolto aínda que de xeito extemporaneo, polo que o procedemento administrativo podese estimar concluso na sua fase instractora, procedendo a emisión de nova proposta resolutoria ó órgano competente e adopción do correspondene acordo. Polo que o reinicio de actuacións, en base aos principios de economía, eficacia, e celeridade do procedemento, así como da conservación dos actos e trámites administrativos xa efectuados no procedemento caducado, que o ordenamento xurídico establece, determina que a tramitación do novo expediente se atoparía practicamente ultimada.*



*CUARTO.- En mérito o exposto, procede a estimación do recurso formulado declarando a caducidade do procedemento, e a incoación dun novo de recuperación posesoria, conservándose os actos e tramites administrativos xa realizados, que incorpóranse ó mesmo.*

*QUINTO.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo do 18.04.2011, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:*

*“PRIMEIRO: Estimar o recurso de reposición interposto por D. Jose Antonio Cambor Garcia en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato, contra o acordo do 18.04.2011 anulando a resolución ditada e declarando a caducidade do procedemento de recuperación de oficio da posesión municipal da zona porticada sita a nivel de planta baixa no edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato, o ter transcurrido o prazo legal previsto para sua resolución.*

*SEGUNDO: Dispoñer a conservación dos actos e trámites administrativos realizados no procedemento caducado, e a sua incorporación o novo procedemento que de oficio se incoe.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1238) COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2011. EXPTE. 22429/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.10.11, o informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 13.10.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Setembro de 2011, e que ascenden a un total de 964'60 €, con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”

### **14(1239) COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE PARQUE MÓBIL, POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE 2011. EXPTE. 22430/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.10.11, o informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 13.10.11,

conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 3º TRIMESTRE-2011, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Angel Alonso González remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascenden a un total de 2.770'19 € (dous mil setecentos setenta euros con dezanove céntimos) con cargo ao RC 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”

#### **15(1240) DEVOLUCIÓN DE AVAIS:**

A) CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ S.L. EXPTE. 81335/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 19.10.11, conformado polo concelleiro da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 29 de xullo de 2011 por CONSTRUCCIONES SITO Y FERNANDEZ, S.L. con NIF B-36769883, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa OPORTO, 7 por non producirse danos.

B) ASOCIACIÓN DE FESTAS VIRXE DO ROSARIO DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 81328/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 19.10.11, conformado polo concelleiro da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da citada devolución de fianza en metálico achegada en data 25/08/11 pola ASOCIACIÓN DE FESTAS VIRXE DO ROSARIO DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA CIF G 36710689 por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración das festas na honra da Virxe do Rosario os días 8,9,10 e 11 de setembro en San Andrés de Comesaña , por non producirse danos na vía pública.

#### **16(1241) APROBACIÓN DEFINITIVA DAS BASES E ESTATUTOS DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA APR “AOD A-4-05 HISPANIDADE”. EXPTE. 5003/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 14.10.11, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

I.- As mercantís “VIQUEIRA INMUEBLES, S.A.” e “INTERINMOBILIARIA, S.A.”, presentaron o 29.10.2010 por medio dos seus representantes legais un escrito conxunto no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo (DOC. 100139056) no que, como propietarias que afirmaban ser de máis do 50% da superficie total do ámbito, solicitaban desta Administración a admisión a trámite e posterior aprobación do Proxecto de estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da APR «AOD A-4-05 HISPANIDADE» do PXOM de Vigo.

Xuntaron á súa solicitude a documentación que consideraron oportuna, que previo requirimento da Xerente de Urbanismo de 13.12.2010, foi posteriormente completada e emendada por escritos de 11.01.2011 (DOC. 110002816) e de 10.03.2011 (DOC. 110029773).

II.- O Adxunto ao Director da Oficina de Planeamento e Xestión da XMU emitiu informe o 08.11.2010, no que se constata que “VIQUEIRA INMUEBLES, S.A.” e “INTERINMOBILIARIA, S.A.” son propietarias de tres parcelas que representan o 54,173% do ámbito, polo que verificadas as emendas referidas no expositivo anterior propúxose a aprobación inicial do expediente pola Xunta de Goberno Local, dispoñendo a apertura do período de información pública esixido polo art. 155.2 da LOUGA, por prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no BOP e nun xornal dos de maior difusión, con notificación individualizada e simultánea aos propietarios ou titulares de dereitos de contido patrimonial no ámbito.

En sesión ordinaria do 12.04.2011, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación do ámbito de planeamento remitido con ordenación detallada APR A-4-05 HISPANIDADE do PXOM de Vigo, de acordo coa documentación presentada polos representantes legais das mercantís “Viqueira Inmuebles, S.A.” e “Intermobiliaria, S.A.” e cos informes técnicos que constan no Exp. n.º 5003/401 da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU.

SEGUNDO: Dispoñer a apertura dun trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no BOP de Pontevedra e nun xornal dos de maior difusión da provincia, con notificación simultánea e individualizada do contido íntegro deste acordo ós propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial no ámbito, para que poidan formular as alegacións que estimen oportunas e, de ser o caso, soliciten a súa incorporación ó proceso.

TERCEIRO: Por tratarse dun simple acto de trámite, este acordo non é susceptible de recurso autónomo ou separado en vía administrativa ou contenciosa (Art. 107.1 pfo. 2 L.30/1992), sen prexuízo de que os interesados poidan alegar a súa oposición para os efectos da posterior consideración na resolución que poña fin a este procedemento.

CUARTO: Dar traslado deste acordo á xefatura dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo, para que se emita o informe que proceda en relación coa incidencia da execución da “APR A-4-05 HISPANIDADE” nas infraestruturas».

III.- Publicados os correspondentes anuncios no BOP de Pontevedra n.º 101, do 27.05.2011 e na prensa local («Faro de Vigo» do 20.05.2011) e practicadas as notificacións individualizadas aos interesados e por edito publicado no BOP de Pontevedra n.º 121, de 24.06.2011, durante o prazo concedido para o efecto non consta a presentación de ningunha alegación, segundo certificación expedida pola Secretaría da XMU o 21.07.2011.

IV.- O 14.06.2011, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lidon Pérez Rodríguez, segundo manifestaba en representación dos herdeiros de D. Cándido Rodríguez Rico, presentou un escrito no rexistro da Xerencia (DOC. 110087656) no que solicita a incorporación da comunidade hereditaria que di representar á Xunta de Compensación, acompañando copia dunha certificación catastral expedida en 2002 para uso exclusivo notarial, sen achegar documentación acreditativa da representación coa que manifestaba actuar nin da titularidade da parcela.

Requirida para o efecto polo prazo de 10 días, tívose por desistida á solicitante por non presentar a documentación necesaria en prazo.

V.- O 11.08.2011, o Director dos Servizos técnicos da XMU emitiu informe sobre a viabilidade funcional das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do ámbito e as cargas que lle corresponden, con carácter xeral, para o financiamento de infraestruturas.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 221, de 15.09.1978 (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Modelo xeral de «Bases e Estatutos de Xunta de Compensación e Estatutos de Entidade Urbanística de Conservación», aprobado polo Consello da XMU do 11 de decembro de 2003 (BOP n.º 1, de 02.01.2004)
- Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)

- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG n.º 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o 06.08.2008 (BOP n.º 151 - Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG n.º 144, do 24.07.2009; BOP n.º 175, do 10.09.2009).*

2.- *No PXOM delimitouse o ámbito de solo urbano non consolidado, con ordenación detallada «AOD A-4-05 HISPANIDADE», cunha superficie total de 21.843,00 m<sup>2</sup> (21.645,00 m<sup>2</sup> segundo a Ficha da AOD) e un aproveitamento tipo de 1,125 m<sup>2</sup> u.t.c/m<sup>2</sup>, sendo o polígono coincidente coa área de reparto. Trátase dunha actuación incluída no 1º cuatrienio da programación do Plan, a desenvolver polo sistema de compensación.*

3.- *O Proxecto de Bases e Estatutos presentado polos promotores e aprobado inicialmente polo Concello responde case literalmente, coas oportunas adaptacións, ao Modelo xeral de estatutos e bases de actuación aprobado polo Consello da XMU o 11.12.2003 (BOP n.º 1, de 02.01.2004) e o seu contido axústase ao disposto nos arts. 116, 155 e concordantes da LOUGA e nos arts. 166 e ss. do RXU.*

4.- *Non existe constancia de que durante o trámite de información pública do expediente se formulase ningunha alegación, nin se formulou ningunha solicitude de incorporación ao proceso formalmente correcta.*

5.- *Unha vez aprobado definitivamente o Proxecto de Estatutos e Bases, deberá constituírse a Xunta de Compensación no prazo dun mes (art. 155.3 LOUGA). Os terreos dos propietarios do polígono que non se incorporen á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa ou ben de ocupación directa en favor desta, para posibilitar a execución das obras de urbanización previstas (art. 156.1 parágrafo segundo LOUGA).*

6.- *No acordo de aprobación definitiva de Bases e Estatutos debe conterse a designación do representante municipal no órgano reitor da Xunta de Compensación (arts. 155.5 da LOUGA e 162.3 do RXU); designación que, nesta Corporación, adoita recaer na Concelleira-delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos do Excmo. Concello de Vigo.*

7.- *É competente para adoptar o acordo que a seguir se propondrá a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d) LBRL), a proposta do Consello de Xerencia da XMU (arts. 10.1.d] e j] e 2.4.A).8 dos Estatutos da XMU).*

## III.- PROPOSTA

*En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO:** *Aprobar definitivamente o Proxecto de Estatutos e Bases de actuación para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación do ámbito de planeamento*

remitido con ordenación detallada “APR AOD A-4-05 HISPANIDADE” do PXOM de Vigo, dacordo coa documentación presentada polas mercantís VIQUEIRA INMUEBLES, S.A. e INTERINMOBILIARIA, S.A, que representa máis do 50% da superficie do polígono.

**SEGUNDO:** *Requirir a VIQUEIRA INMUEBLES, S.A., e a INTERINMOBILIARIA, S.A. para que se constitúan en Xunta de Compensación mediante escritura pública no prazo máximo dun mes desde a adopción do presente acordo. Achegarán copia autorizada da mesma e das adhesións que, de ser o caso, se produzan para a súa aprobación e posterior remisión á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI (Xunta de Galicia) para os efectos da inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.*

**TERCEIRO:** *Requirir a todos aqueles propietarios afectados que non solicitasen a súa incorporación á Xunta de Compensación para que así o efectúen, se o desexan, no prazo dun mes contado desde a recepción da presente notificación, advertíndolles que, en caso contrario, poderán ser expropiados os seus bens e dereitos pola Administración actuante en favor da Xunta de Compensación, que actuaría como beneficiaria, ou ben ocupados os seus predios para posibilitar a execución das obras de urbanización previstas.*

**CUARTO:** *Designar como representante municipal no órgano reitor da Xunta de Compensación á Xefa de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, D.<sup>a</sup> Belén González Ramírez.*

**QUINTO:** *Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra e notificalo individualizadamente a todos os propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial no polígono, coa indicación de que contra o mesmo caberá interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación».*

*O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.*

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 21.10.11, por maioría de votos, acordou someter a precedente proposta á Xunta de Goberno local.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** *Aprobar definitivamente o Proxecto de Estatutos e Bases de actuación para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación do ámbito de planeamento remitido con ordenación detallada “APR AOD A-4-05 HISPANIDADE” do PXOM de Vigo, dacordo coa documentación presentada polas mercantís VIQUEIRA INMUEBLES, S.A. e INTERINMOBILIARIA, S.A, que representa máis do 50% da superficie do polígono.*

**SEGUNDO:** *Requirir a VIQUEIRA INMUEBLES, S.A., e a INTERINMOBILIARIA, S.A. para que se constitúan en Xunta de Compensación mediante escritura pública no prazo*

máximo dun mes desde a adopción do presente acordo. Achegarán copia autorizada da mesma e das adhesións que, de ser o caso, se produzan para a súa aprobación e posterior remisión á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI (Xunta de Galicia) para os efectos da inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

TERCEIRO: Requirit a todos aqueles propietarios afectados que non solicitasen a súa incorporación á Xunta de Compensación para que así o efectúen, se o desexan, no prazo dun mes contado desde a recepción da presente notificación, advertíndolles que, en caso contrario, poderán ser expropiados os seus bens e dereitos pola Administración actuante en favor da Xunta de Compensación, que actuaría como beneficiaria, ou ben ocupados os seus predios para posibilitar a execución das obras de urbanización previstas.

CUARTO: Designar como representante municipal no órgano reitor da Xunta de Compensación á Xefa de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, D.<sup>a</sup> Belén González Ramírez.

QUINTO: Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra e notificalo individualizadamente a todos os propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial no polígono, coa indicación de que contra o mesmo caberá interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **17(1242) CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE I: RÚA BAGUNDA - TRAVESÍA SANTA CRISTINA. EXPTE. 963/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 27.10.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro. Rexeitar as propostas seguintes por considera-las desproporcionadas:

Obras y Construcciones Dios, S.A.  
Construcciones Orega, S.L.  
Mecuma S.L.U.

Abeconsa S.L.U.  
 Marco Obras y Proyectos de Arosa,S.L.  
 Hidralquivir, S.L.  
 Construcciones Vixoy, S.L.  
 Centro de Castilla y Leon, S.A.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

TABLA RESUMEN DAS PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN		
Empresas		puntuación total
1	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	93,86
2	MOVEXVIAL	93,28
3	EIRIÑA EMPRESA CONSTRUCTORA	92,00
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	90,19
5	ANTALSIS	90,13
6	CONSTRUCCIONES CRESPO S.A.	89,78
7	UTE PASA-A SAMPANA OBRAS Y SERVICIOS S.L.U.	88,77
8	DRAGADOS S.A.	88,55
9	JESÚS MARTÍNEZ CONSTRUCCIONES	87,91
10	COVSA CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A.	87,90
11	UTE SAN MARTIN S.A. Y PLIGEPE	87,57
12	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS	87,35
13	C. ALDASA S.L.U.	86,98
14	SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.	85,85
15	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.U.	85,78
16	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.	85,46
17	UTE SARDALLA ESPAÑOLA S.A -CANALIZACIONES Y CONST. SALNÉS, S.L.	85,39
18	FOMENTO DE ÁRIDOS Y OBRAS S.L.U.	84,85
19	COPCISA, S.A.	84,67
20	BARDERA OBRAS CIVILES Y MARÍTIMAS, S.L.	84,27
21	ORESA S.L.	83,84
22	CONSLAR INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN	82,77
23	CORSAN-CORVIAM CONSTRUCCIONES S.A.	82,59
24	AGRUPCONSA S.L.	82,13
25	HIDROSCIVIL	81,71
26	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS	79,10
27	HORDESCÓN, S.L.	79,10



28	PARAXE CONSTRUCCIONES	78,22
29	ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.	78,19
30	CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE S.A.U.	68,79
31	COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS	67,82
32	PETROLAM A VEIGA, S.L.	62,96

Terceiro.- Requerir o licitador clasificado en primeiro lugar , Oreco , S.A. para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Documentación acreditativa de dispor efectivamente dos medios que se comprometen a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 689,68 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adjudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

**18(1243) CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE II: TRAVESÍA SANTA CRISTINA-BAIXADA AO CAPITÁN. EXPTE. 964/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 27.10.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro. Rexeitar as propostas seguintes por considera-las desproporcionadas:

Obras y Construcciones Dios, S.A.

Construcciones Orega, S.L.

Mecuma S.L.U.  
 Construcciones Hermanos Carrajo, S.A.  
 Abeconsa S.L.U.  
 Marco Obras y Proyectos de Arosa,S.L.  
 Hidralquiver, S.L.  
 Construcciones Vixoy, S.L.  
 Centro de Castilla y Leon, S.A.

Segundo: Clasificar, de acuerdo con los criterios de adjudicación señalados en el prego, las proposiciones admitidas en el procedimiento de referencia, en el siguiente orden decreciente:

TABLA RESUMEN DE LAS PUNTUACIONES DE LOS CRITERIOS DE VALORACIÓN	
Empresas	puntuación total
1 EIRINA EMPRESA CONSTRUCTORA	93,73
2 MOVEXVIAL	92,64
3 ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	92,50
4 UTE SAN MARTÍN, S.A.- PLYGEPE, S.L.	89,97
5 DRAGADOS S.A.	89,81
6 ANTALSIS	89,80
7 CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAS S.A.	88,77
8 UTE PACSA-A SAMPANA OBRAS Y SERVICIOS S.L.U.	88,27
9 CONSTRUCCIONES CRESPO S.A.	88,19
10 CONSTRUCCIONES RAMIREZ S.L.U.	87,19
11 JESUS MARTINEZ CONSTRUCCIONES	87,15
12 ACCIONA INFRAESTRUCTURAS	87,15
13 GESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	86,54
14 C. ALDASA S.L.U.	86,32
15 SPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.	85,32
16 SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.	85,16
17 UTE SARDALLA ESPAÑOLA S.A -CANALIZACIONES Y CONST. SALNÉS, S.L.	84,79
18 AGRUPCONSA S.L.	84,39
19 BARDERA OBRAS CIVILES Y MARITIMAS, S.L.	84,21
20 FOMENTO DE ARIDOS Y OBRAS S.L.U.	84,16
21 HORDESCON, S.L.	82,32
22 ORESA S.L.	82,22
23 HIDROSCIVIL	82,08
24 COPCISA, S.A.	81,66
25 CONSLAR INGENIERIA Y CONSTRUCCION	81,00
26 PARAXE CONSTRUCCIONES	80,55
27 ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.	78,24
28 STOP OBRAS Y SERVICIOS	78,08
29 GÓMEZ CRESPO, S.L.	77,02
30 CONSTRUCCIONES EDUARDO BOAN ALVAREZ	76,98
31 CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE S.A.U.	70,16
32 COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS	69,93
33 PETROLAM A VEIGA, S.L.	61,94

Terceiro.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar , Eiriña S.L. para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Documentación acreditativa de dispor efectivamente dos medios que se comprometen a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Cuarto.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 678,86 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

### **19(1244) CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE III: BAIXADA AO CAPITÁN ATE O NÚMERO 186. EXPTE. 965/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 27.10.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro. Rexeitar as propostas seguintes por considera-las desproporcionadas:

Obras y Construcciones Dios, S.A.  
Cobra Instalaciones y Servicios, S.A.  
Construcciones Orega, S.L.  
Mecuma S.L.U.  
T.a. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L.  
Construcciones Hermanos Carrajo, S.A.  
Abeconsa S.L.U.  
Marco Obras y Proyectos de Arosa, S.L.  
Hidralquivir, S.L.  
Construcciones Vixoy, S.L.  
Centro de Castilla y Leon, S.A.

Segundo: Clasificar, de acuerdo con los criterios de adjudicación señalados en el prego, las proposiciones admitidas en el procedimiento de referencia, en el siguiente orden decreciente:

TABLA RESUMEN DE LA PUNTAJACIÓN DE LOS CRITERIOS DE VALORACIÓN	
Empresas	puntuación total
1 MOVEXVIAL	94,86
2 EIRIÑA EMPRESA CONSTRUCTORA	94,00
3 ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	93,57
4 ANTALSIS	90,27
5 UTE PACSA-A SAMPANA OBRAS Y SERVICIOS S.L.U.	89,32
6 UTE SAN MARTIN S.A. Y PLYGEPE	88,75
7 DRAGADOS S.A.	88,41
8 ACCIONA INFRAESTRUCTURAS	87,71
9 CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.U.	87,71
10 COVSA CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A.	86,66
11 COPCISA, S.A.	86,29
12 PUENTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	86,01
13 GESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	85,71
14 CONSTRUCCIONES CRESPO S.A.	85,71
15 C. ALDASA S.L.U.	85,12
16 GORESA S.L.	84,58
17 UTE SARDALLA ESPAÑOLA S.A -CANALIZACIONES Y CONST. SALNÉS, S.L.	84,06
18 SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.	83,99
19 ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.	83,96
20 JESÚS MARTÍNEZ CONSTRUCCIONES	83,67
21 BARDERA OBRAS CIVILES Y MARÍTIMAS, S.L.	83,47
22 CONSLAR INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN	83,09
23 FOMENTO DE ÁRIDOS Y OBRAS S.L.U.	82,99
24 AGRUPCONSA S.L.	82,54
25 HIDROSCIVIL	81,95
26 HORDESCÓN, S.L.	81,30
27 CORSAN-CORVIAM CONSTRUCCION S.A.	80,47
28 PARAXE CONSTRUCCIONES	79,10
29 STOP OBRAS Y SERVICIOS	78,01
30 ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.	77,12
31 CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE S.A.U.	71,31
32 PETROLAM A VEIGA, S.L.	62,38

Terceiro.- Requerir o licitador clasificado en primeiro lugar , Movex Vial S.L. para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Documentación acreditativa de dispor efectivamente dos medios que se comprometen a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 689,78 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

**20(1245) BASES DA CONVOCATORIA DO “CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL E MICROVÍDEOS CON MOTIVO DA PRÓXIMA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. 5132/224.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 17.10.11, o informe de fiscalización, do 27.10.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 27.10.11, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases e a convocatoria do “Concurso de fotografía dixital e microvídeos co gallo da conmemoración do 25 de novembro: “Día internacional contra a violencia de xénero” que de seguido se indican:

**BASES**

*CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL E MICROVÍDEOS: 25 de novembro. Día internacional contra a violencia de xénero-2011*

**PREÁMBULO:**

*Dende 1981, as militantes en favor dos dereitos da muller conmemoran o 25 de novembro como o día contra a violencia. A data foi elixida como conmemoración do brutal asasinato en 1960 das tres*

*irmáns Mirabal, activistas políticas da República Dominicana, por orde do gobernante dominicano Rafael Trujillo.*

*O 17 de decembro de 1999, a través da resolución 54/134, a Asemblea Xeral da ONU ten declarado o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, ten invitado aos gobernos, as organizacións internacionais e as organizacións non gobernamentais a que organicen ao redor desa data actividades dirixidas a sensibilizar á opinión pública respecto ao problema da Violencia contra a muller.*

*Unha violencia cuxo obxecto é o de manter á muller nunha relación de submisión e discriminación. As vítimas de malos tratos, violacións, mutilacións xenitais, agresións económicas e psicolóxicas, asasinato, recordan as nosas sociedades unha causa pendente na historia da convivencia humana, o combate pendente pola dignidade, respecto, igualdade e liberdade da metade da poboación mundial. As mulleres non só sofren desigualdade respecto ao home, viven unha opresión milenaria e ven minguada a súa independencia e autonomía.*

*Con motivo desta conmemoración o Consello Municipal da Muller e maila Concellería de Igualdade do Concello de Vigo convocan o concurso de FOTOGRAFÍA DIXITAL e MICROVÍDEOS “ co fin de fomentar unha maior implicación e concienciación cidadá en contra da violencia que se exerce sobre as mulleres.*

*A Concellería de Igualdade poderá utilizar as obras presentadas como parte de futuras exposicións públicas, con indicación da súa autoría.*

#### *Primeira.-OBXECTO*

*O concurso abrangue dúas modalidades:*

- 1) Fotografía dixital.*
- 1) Microvídeo (non superior aos 3 minutos de duración).*

*Ambas as dúas obras versarán sobre calquera aspecto do tratamento e/ou abordaxe da Violencia de xénero.*

*A modo de exemplo e sen que teñan carácter excluínte, as obras presentadas poderán tratar algún ou algúns dos seguintes aspectos :*

*- A prevención e concienciación cidadá*

*- Avances producidos neste eido*

*- A complicidade da sociedade*

*- Os agresores*

*- Manifestacións da violencia*

#### *Segunda.- OBRIGAS E REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES*

*A) Trátase dunha convocatoria libre na que poderán participar todas aquelas persoas físicas ou xurídicas maiores de 16 anos (as/os menores de idade, no caso de seren gañadoras/es, deberán achegar autorización materna/paterna para recibir o premio).*

*B) Cada persoa participante, só poderá presentarse ao concurso nunha das dúas modalidades, coa presentación dunha única obra.*

*C) As persoas participantes deberán acreditar que reúnen os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas en prohibición para ser*

beneficiarias de subvencións das previstas nos apartados 2 e 3 do dito artigo 10, para o que se lles esixirá unha declaración responsable. Asemade, deberán acreditar que se achan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Vigo mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do R.d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Segundo o estipulado no artigo 24.4 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións permítese a presentación de declaración responsable (apartado 3 do ANEXO I).

D) Serán obrigas da persoa beneficiaria as previstas nestas bases e convocatoria e as sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

E) As persoas participantes serán as únicas responsables fronte ao Concello de Vigo e fronte a terceiras persoas do cumprimento destas bases e dos contidos dos seus traballos en canto a esixencias legais de dereitos de autoría ou plaxios segundo as leis vixentes. Cada persoa participante, polo mero feito de participar no concurso, acepta todas e cada unha das súas bases. O Concello de Vigo queda eximido de toda a responsabilidade ante calquera reclamación que se lle puidese presentar.

### Terceira.-ADMISIÓN

Cada participante poderá presentar unha única obra, nunha das dúas modalidades. As obras que se presenten no concurso deberán estar en lingua galega.

Se a Concellería de Igualdade detectase duplicidade nas inscricións ou nas obras, porase en contacto coa persoa inscrita para darlle a opción a elixir a obra que quere presentar ou a modalidade na que quere concursar, rexeitando o resto das opcións que non serán obxecto de valoración polo xurado.

As obras presentadas deberán ser orixinais e inéditas; non poderán ter sido exhibidas por ningún medio, incluíndo internet, nin ter participado en festivais, certames ou outro tipo de eventos; Así mesmo tampouco puideron ser presentadas con anterioridade noutros concursos segundo a lexislación vixente (Real decreto legislativo 1/96, do 12 de abril da Lei da propiedade intelectual). Certificarase este extremo coa achega do ANEXO I debidamente cuberto e asinado.

### Cuarta.-TÉCNICAS E DIMENSIÓNS DAS OBRAS

4.A) As fotografías dixitais presentadas ao concurso deberán reunir os seguintes requisitos técnicos:

Estar en formato jpg, tiff, png ou jpeg.

Ter suficiente calidade para ser manipuladas, cunha resolución recomendable que poderá oscilar entre 150 a 300 píxeles de calidade, para facilitar a súa posterior manipulación así como a súa impresión en formato 30cm x 40 cm.

- Para ser admitidas ao concurso, as fotografías dixitais deberán cumprir as condicións técnicas, artísticas e/ou legais que exige a organización, reservándose o dereito a rexeitar as fotografías que non ofrezan as condicións técnicas mínimas. Aquelas que non cumpran as condicións fixadas nas bases ou aquelas que polo seu contido sexan ofensivas, sexistas ou cuestionables por razóns éticas ou legais.

1. As fotografías dixitais presentaranse unicamente a través do espazo web da Concellería de Igualdade [www.igualdadevigo.org/concursofotografia](http://www.igualdadevigo.org/concursofotografia).

4.B) Os microvídeos presentados ao concurso deberán reunir os seguintes requisitos técnicos:

- Unha duración non superior a 3 minutos ( incluíndo a cabeceira co título).

- O formato de presentación será exclusivamente en liña, o tamaño máximo do arquivo de vídeo será de 100 Mb e soportaranse a maioría de formatos dixitais: avi, mpg, flv, wmv, vob, mp4, mov e os de alta definición: mkv, ts e m2ts,etc.
- Para ser admitidos ao concurso, os vídeos deberán cumprir as condicións técnicas, artísticas e/ou legais que exige a organización. Esta resérvase o dereito a rexeitar os vídeos que non ofrezan as condicións técnicas mínimas para a súa proxección. Aqueles que non cumpran as condicións fixadas nas bases ou aqueles que polo seu contido sexan ofensivos, sexistas ou cuestionables por razóns éticas ou legais.
- Os microvídeo subirase unicamente a través do espazo web da Concellería de Igualdade [www.igualdadevigo.org/concursovideos](http://www.igualdadevigo.org/concursovideos).

#### Quinta.- LOGOTIPO e LEMA

As obras orixinais deberán incluír, no lugar e forma que elixa a autor ou autor, os seguintes textos :  
 Lema: -Día Internacional contra a violencia de xénero. Vigo  
 c)Título: .....( para decidir pola autora ou autor da obra).

Na modalidade de microvídeos, a autora ou o autor deberá engadir os logotipos da Concellería de Igualdade e do Consello Municipal da Muller, dispoñibles na Web: [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)

A Concellería de Igualdade resérvase a facultade de modificar ou substituír os textos indicados e os logotipos que aparezan nas obras orixinais, así como de variar as súas localizacións na composición definitiva das obras e nas posteriores exposicións públicas destas.

#### Sexta.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

O sistema de inscrición e presentación das obras realizarase unicamente a través da web da Concellería de Igualdade [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org), a través dos dous espazos creados na citada web para este concurso:

[www.igualdadevigo.org/concursofotografia](http://www.igualdadevigo.org/concursofotografia)

[www.igualdadevigo.org/concursovideos](http://www.igualdadevigo.org/concursovideos)

As persoas que se presenten ao concurso deberán cubrir un formulario de inscrición ao que poderán acceder desde o espazo web anteriormente citado. A/O participante garante a veracidade dos datos que achegue na citada ficha de inscrición.

Para que a inscrición sexa válida, cada participante deberá cubrir os campos designados como obrigatorios do formulario, e deberá de aceptar de forma expresa as bases fixadas pola organización.

Se no traballo figurase a imaxe dalgunha persoa en primeiro plano ou recoñecible, achegarase tamén autorización asinada para incluír a dita imaxe na fotografía dixital ou no microvídeo, e a súa posterior edición e no seu caso, acreditación de posuír os dereitos de autoría ou a cesión de dereitos de imaxe desta.

#### Sétima.- PUBLICIDADE e PRAZO DE PRESENTACIÓN

As presentes bases difundiranse a través dos medios de comunicación local e estarán a disposición das persoas interesadas na propia Concellería de Igualdade e na web municipal: [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org), unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local.



O prazo da admisión das obras comeza o día 31 de outubro de 2011, e finaliza o día 20 de novembro de 2011.

Non serán admitidas as obras que se reciban con posterioridade á data indicada, calquera que sexa a causa do atraso.

#### Oitava.- PREMIOS

Outorgarase un premio e un accésit, por cada unha das dúas modalidades que regulan estas bases. Do total de microvídeos e das fotografías dixitais subidas aos espazos web indicados nestas bases, o xurado decidirá o microvídeo gañador e a fotografía dixital gañadora do primeiro premio, así como a concesión de dous accésit, de ser o caso.

Primeiro premio: os premios tanto para o microvídeo gañador, como para a fotografía gañadora, consisten na entrega dun bono, por importe de 500 € (cincocentos euros), para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.

Accésit: a organización poderá outorgar un accésit para cada unha das dúas modalidades, en función da calidade das obras presentadas.

Os accésit consistirán nun bono por importe de 250 € (douscentos cincuenta euros) cada ún, para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.

Antes de entregar o premio as persoas premiadas, a concellería de Igualdade tramitará o correspondente expediente de contrato menor se suministros de conformidade co previsto nos artigos 95,122 e 10 da Lei 30/2007 do 30 de outubro adxudicando á/s empresa/s comercial o contrato por un importe de 1.500,00 € (contía máxima prevista en concepto de premios do concurso). Unha vez autorizado e fiscalizado o contrato coa empresa ou empresas propostas, a concellería de Igualdade entregará ás persoas premiadas o correspondente bono para que poidan trocalo no establecemento comercial autorizado.

Os premios poderán ser declarados desertos se o xurado estima que ningún dos traballos presentados reúne as condicións e a calidade necesaria. Ademais, o xurado poderá acordar outorgar accésit a dúas obras da mesma modalidade, considerase que a calidade das obras dunha modalidade do concurso, é superior á calidade das obras presentadas noutra modalidade.

A organización resérvase o dereito de revogación dos premios concedidos, se en calquera momento posterior á súa concesión, tivese coñecemento de que a autora ou autor da obra non cumprise algunha das condicións das bases do concurso. Neste suposto o premio outorgaríase a outra das obras presentadas ou declararíase deserto, de ser o caso.

#### Novena.- PROPIEDAD E DESTINO DAS OBRAS PRESENTADAS AO CONCURSO.

Co envío do formulario online cuberto, a persoa que participa neste concurso manifesta e garante que é a única autora ou autor da fotografía dixital ou do microvídeo presentado, e que a persoa inscrita é a titular de tódolos dereitos de autoría sobre a obra que presenta ao concurso. Asemade, será responsabilidade da/o participante recabar a autorización das persoas que poidan aparecer na fotografía ou no vídeo, para a efectiva actividade que se convoca, polo que a autora ou o autor asumirá toda posible reclamación por dereitos de imaxe.

*A/O participante será a/o única/o responsable legal ante calquera controversia que poida xurdir por incumprimento da lei con respecto aos dereitos de autoría polo uso de imaxes, músicas ou audios preexistentes.*

*Co fin de poder levar a cabo cantas accións de difusión considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederanlle á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, de forma exclusiva e con carácter gratuíto, os dereitos de comunicación pública dos traballos presentados ao concurso. Os orixinais das obras, quedarán en propiedade da concellería de Igualdade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito de explotación do traballo, proxección, produción, distribución, exposición, transformación ou calquera outro tratamento posterior para conmemorar o Día Internacional contra a violencia de xénero no ano 2011 ou en anos posteriores, ou en actividades de concienciación que poida organizar o Concello de Vigo noutras datas, con mención das súa autoras ou os seus autores. Para tal fin os/as concursantes presentarán xunto coa obra a debida autorización, polo que deberán cubrir e asinar o Anexo I.*

*O Concello de Vigo resérvase o dereito de organizar exposicións públicas con todos ou parte das obras presentadas ao concurso, en local, datas e horas que se determinarán, así como estar accesibles ao público na web municipal [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org). A concellería de Igualdade será a encargada de seleccionar as obras que se incluírán nas futuras exposicións.*

#### *Décima.- XURADO*

*O xurado estará formado por :*

*PRESIDENTA: A Concelleira de Igualdade, dona M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, ou persoa na que delegue.*

*VOGAIS: Catro membras da comisión de traballo organizadora dos preparativos dos actos polo Día Internacional da Muller, creada no seo do Consello Municipal da Muller.*

*SECRETARÍA: A xefa do Servizo de Igualdade, dona Cristina Gómez García, con voz e sen voto.*

*En caso de empate resolverá o voto de calidade da presidenta do xurado.*

*A concelleira de Igualdade queda facultada para resolver as eventualidades que poidan xurdir e que non estean previstas nestas bases.*

*Como criterios para elixir as obras premiadas teranse en conta por unha banda a calidade artística da obra e a súa orixinalidade, e tamén por outra banda a súa eficacia como elemento trasmisor da mensaxe.*

#### *Décimo primeira.- PROCEDEMENTO*

*O procedemento para a concesión do premio será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.*

*O expediente de concesión do premio conterá un informe do órgano instrutor no que constará que da información que a Concellería de Igualdade ten no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren con tódolos requisitos para acceder aos premios.*

#### *Décimo segunda.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCION*

1. A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento relativo ao concurso de fotografía e microvídeos polo “Día Internacional contra a violencia de xénero”, así como a Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder o premio por proposta do xurado.

2. A concesión dos premios notificaráselles ás persoas que se presenten a este, no prazo de dez días a partir da data de concesión, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A resolución da Xunta de Goberno Local sobre a concesión do premio esgota a vía administrativa. Contra esta poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes que contará dende o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

#### *Décimo terceira.- OUTORGAMENTO DO PREMIO*

O outorgamento do premio tramitarase a partir dun mes contado dende o día seguinte á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local de non existir recurso ningún. E de existir recurso, tras seren cumpridos os prazos legais para a súa resolución.

#### *Décimo cuarta.- TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.*

Os datos das persoas que se presenten ao premio, agás no relativo a este, serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; será responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

As persoas beneficiarias dos presentes premios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

#### *Décimo quinta.- NORMATIVA APLICABLE.*

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, que se rexerán pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

2º.- Autorizar o gasto máximo de 1.500,00 € para facer fronte á dotación máxima dos premios establecidos nas bases do concurso, con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da concellería de igualdade”

ANEXO I: MODALIDADE FOTOGRAFÍA DIXITAL

“CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E MICRO VIDEOS POLO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO ”

“Dona/Don \_\_\_\_\_ co DNI  
núm....., idade..... e  
endereço.....  
Cos \_\_\_\_\_ teléfonos \_\_\_\_\_ de  
contacto : .....

1º Declaro que a obra presentada é inédita e orixinal e non se presentou noutros concursos ou campañas e que non supón nin contén, en todo ou en parte, copia ou plaxio de obras publicadas propias ou de outros/as artistas.

2º Cedo en exclusiva e irrevogablemente, o dereito de impresión ou reprodución ou proxección total ou parcialmente, en calquera modalidade, tamaño ou soporte, así como a utilización da obra para a súa promoción publicitaria, polo que consinto á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo para que poida facer as correspondentes modificacións ou transformacións para a súa adaptación a soportes, técnicas ou tamaños necesarios.

3º Reúno os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non estou incurso/a nas prohibicións para ser beneficiaria/o de subvencións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10, e atópome ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ao Estado, Comunidade autónoma, Concello de Vigo e fronte a Seguridade Social.

4º No caso de ser gañadora ou gañador do premio cedo gratuitamente e por tempo indefinido a propiedade da obra gañadora á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a que se reserva todos os dereitos sobre a mesma incluído o de reprodución.

5º Na fotografía ou no microvídeo que presento

1. Non figura ningunha imaxe de persoa/s en primeiro plano ou recoñecible/s.

•Figura algunha/s imaxe/s de persoa/s en primeiro plano ou recoñecible/s e por tal motivo achego en documento adxunto autorización asinada para incluír a imaxe da/s persoa/s no cartel e na súa posterior edición e, no seu caso, acreditación de posuír os dereitos de autora ou autor ou a cesión de dereitos de imaxe desta.

6º Con esta obra pretendo transmitir:.....

.....

(lugar) ..... de ..... de 2012

NO CASO DE SER MENOR DE IDADE

Eu,..... (nome e apelidos), co DNI núm..... declaro baixo a miña responsabilidade que, en calidade de nai, pai, titor/titora e ao ser coñecedor/a das bases, autorizo a ..... autora/autor da obra presentada ao concurso de fotografía e micro videos polo día internacional contra a violencia de xénero convocado pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a participar no devandito concurso.

(lugar)..... de ..... 2011

ANEXO I: MODALIDADE MICROVÍDEOS

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E MICRO VIDEOS POLO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

“Dona/Don\_\_\_\_\_ co DNI núm....., idade..... e enderezo.....  
Cos \_\_\_\_\_ teléfonos \_\_\_\_\_ de contacto : .....

1º Declaro que a obra presentada é inédita e orixinal e non se presentou noutros concursos ou campañas e que non supón nin contén, en todo ou en parte, copia ou plaxio de obras publicadas propias ou de outros/as artistas.

2º Cedo en exclusiva e irrevogablemente, o dereito de impresión ou reprodución ou proxección total ou parcialmente, en calquera modalidade, tamaño ou soporte, así como a utilización da obra para a súa promoción publicitaria, polo que consinto á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo para que poida facer as correspondentes modificacións ou transformacións para a súa adaptación a soportes, técnicas ou tamaños necesarios.

3º Reúno os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non estou incurso/o nas prohibicións para ser beneficiaria/o de subvencións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10, e atópome ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ao Estado, Comunidade autónoma, Concello de Vigo e fronte a Seguridade Social.

4º No caso de ser gañadora ou gañador do premio cedo gratuitamente e por tempo indefinido a propiedade da obra gañadora á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a que se reserva todos os dereitos sobre a mesma incluído o de reprodución.

5º Na fotografía ou no microvídeo que presento

- Non figura ningunha imaxe de persoa/s en primeiro plano ou recoñecible/s.  
0.1.1.1Figura algunha/s imaxe/s de persoa/s en primeiro plano ou recoñecible/s e por tal motivo achego en documento adxunto autorización asinada para incluír a imaxe

da/s persoa/s no cartel e na súa posterior edición e, no seu caso, acreditación de posuír os dereitos de autora ou autor ou a cesión de dereitos de imaxe desta.

6º Con esta obra pretendo transmitir:.....

.....

(lugar) ..... de ..... de 2011

NO CASO DE SER MENOR DE IDADE

Eu,..... (nome e apelidos), co DNI núm..... declaro baixo a miña responsabilidade que, en calidade de nai, pai, titor/titora e ao ser coñecedor/a das bases, autorizo a ..... autora/autor da obra presentada ao concurso de fotografía e micro videos polo día internacional contra a violencia de xénero convocado pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a participar no devandito concurso.

(lugar)..... de ..... 2011

**21(1246) PROXECTO TÉCNICO PARA A SUBSANACIÓN DOS DEFECTOS DETECTADOS NAS REVISIÓN O.C.A DAS INTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO. FASE 1. EXPTE. 13181/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

*Dende a aprobación do vixente Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión incluído no Real Decreto 842/2002 e publicado no BOE nº 224 do 18 de setembro de 2002, así como coas súas Instrucións Técnicas Complementarias e a Guía Técnica de Publicación, toda instalación eléctrica debe pasar, cunha periodicidade mínima de 5 anos, unha inspección técnica a levar a cabo por un organismo autorizado.*

*No ano 2009, dentro das actuacións e proxectos realizados polo Concello de Vigo a través dos fondos FEIL, leváronse a cabo as reformas e adecuación dos cadros eléctricos en diversos centros educativos e as obrigatorias inspeccións periódicas en todos eles. Nestas inspeccións detectáronse diferentes anomalías que agora deben ser corrixidas.*

*Como responsable do centro e da instalación, e dado que as anomalías detectadas son froito dunha deficiencia da instalación dende o seu inicio, ou dunha falta de adecuación/adaptación ás novas normativas, é responsabilidade da Xunta de Galicia levar a cabo as actuacións necesarias para corrixir os defectos detectados. Dado que estes defectos afectan en grande medida a seguridade dos usuarios do centro e a funcionalidade do mesmo, o Concello de Vigo considera necesario e imperioso acometer estas actuacións para alcanzar a máxima seguridade no uso das instalacións, a maior*

*continuidade no servizo da mesma, é tamén, a diminución dos custos derivados en reparacións futuras.*

*Por outra banda, ante a non resolución ou reparación dos defectos a administración competente (neste caso a Consellería de Industria da Xunta de Galicia) pode solicitar á compañía subministradora o corte de subministro, tendo responsabilidade civil o propietario nun hipotético accidente derivado dun destes defectos.*

*Deste xeito, tense redactado, coa colaboración do persoal de servizo municipal de Electromecánicos, o correspondente proxecto técnico para a realización da primeira fase das actuacións necesarias indicadas pola revisión OCA dos centros públicos de ensino dependentes do Concello de Vigo que, basicamente, inclúe as seguintes actividades:*

- Instalación de proteccións diferenciais inexistentes.*
- Substitución de interruptores diferenciais de calibre inadecuado.*
- Conexión de partes metálicas da instalación a terra.*
- Substitución de tomas de corrente inadecuadas.*
- Cableado sen canalizar (instalación de canles ou entubado dos cables).*
- Instalación de alumeado de emerxencia.*
- Resistencia de illamento inadecuado en circuitos de alimentación.*
- Instalación de tapas e proteccións mecánicas nos cadros eléctricos.*

*Os centros educativos sobre os que se actuará nesta primeira fase son os seguintes:*

#### *CENTRO*

*C.E.I.P. Seis do Nadal*

*C.E.I.P. Lope de Vega*

*C.E.I.P. Escultor Acuña*

*C.E.I.P. Valladares "Sobreira"*

*C.E.I.P. Emilia Pardo Bazán ( Chouzo)*

*C.E.I.P. A Paz "Tintureira"*

*C.E.I.P. Illas Cíes*

*C.E.I.P. Bembrive-Mosteiro*

*E.E.I. "O Nogal"*

*E.E.I. Zamans*

*E.E.I. Monte do Alba*

*C.E.I.P. Parroco Don Camilo.*

*C.E.I.P. Teis "Frián"*

*E.E.I. Aragón "Mucha Giráldez"*

## CENTRO

*C.E.I.P. Picacho "Ramón y Cajal"*

*C.E.I.P. Santa Marina ( Becerreira).*

*E.E.I. "Hernán Cortés"*

*C.E.I.P. A Doblada*

*Unha vez aprobado o proxecto técnico, desde o servizo de Educación procederase a tramitar o expediente para a contratación das obras descritas, por un importe total de 75.000 euros, aplicados á partida 3210 6320006 "Reformas instalacións eléctricas en colexios".*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

- 1. Aprobar o proxecto técnico que se inclúe no expediente, denominado "Proxecto de subsanación dos defectos detectados nas revisións OCA das instalacións eléctricas dos centros de ensino público do Concello de Vigo. Fase 1".*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o proxecto técnico que se inclúe no expediente, denominado "Proxecto de subsanación dos defectos detectados nas revisións OCA das instalacións eléctricas dos centros de ensino público do Concello de Vigo. Fase 1".

## **22(1247) ACTA DE COMPROBACIÓN DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DA RÚA AREAL. EXPTE. 3831/241.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 27.10.11, conformado pola concelleira delegada de Contratación, que di o seguinte:

### *NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*



- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*

## ANTECEDENTES

*D. Eloy Garcia Alvariza, en nome e representación de ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10/10/2011, solicita ó órgano de contratación a recepción e posterior apertura ó servizo público do aparcadoiro subterráneo da rúa Areal, da que a súa representada é concesionaria, toda vez que teñen finalizado as obras de construción do mesmo.*

*Recibida á solicitude solicitouse informe dos diferentes servizos municipais con competencias na materia, ó obxecto de valorar a conveniencia de proceder ou non á recepción das obras e posterior autorización de apertura ó servizo público.*

*Así, na tramitación do presente expediente, recabáronse os seguintes informes:*

- *Informe da Oficina de Prevención de Incendios de data 10/10/11.*
- *Informe do Laboratorio Municipal, de data 17/10/2011.*
- *Certificado de fin de obra das instalacións de data 28/ 09/2011.*
- *Informe da xefa do servizo de intervención na edificación, de data 27/10/2011.*
- *Informe da área de Mobilidade, Seguridade e Transportes de data 25/10/2011.*
- *Informe de Montes, Parques e Xardíns de 18/10/2011.*
- *Informe do Departamento de Limpeza de data 17/10/2011.*
- *Informe dos Servizos Técnicos da X.M.U., de data 18/10/2011.*
- *Informe de Vías e Obras de 26/10/2011.*
- *Acta de aprobación do Plan de Mantemento (cláusula 22), de data 21/10/2011 .*
- *Certificado de fin de obra civil visado con data 07/10/2011.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en dous lotes de tres, en diversos lugares da cidade de Vigo, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006. O lote 1, que comprende os aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro resultou adxudicado á ELOYMAR TRANVÍAS,U.T.E. O contrato formalizouse en data 13 de xuño de 2007.*

*Segundo.- O proxecto de construción do aparcadoiro da rúa Areal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 5 de maio de 2008. Posteriormente, en data 22 de*

febreiro de 2011, aprobouse pola Xunta de Goberno o proxecto modificado de construción do citado aparcadoiro.

Unha vez finalizadas as obras de construción, e, ó menos, un mes antes da data prevista para a apertura das mesmas ó uso público, o Prego de cláusulas técnicas e administrativas que rexe a presente concesión prevé que o concesionario solicite ó Concello a súa autorización de apertura ó servizo público (artigo 58.1 PCAP).

Con carácter previo ó outorgamento desta autorización, o prego impón ó Concello a obriga de proceder ó recoñecemento e inspección das obras e levantamento dun Acta de Comprobación (artigo 58.2 PCAP). Neste senso, teñen xirado visita de inspección e informado sobre o estado das obras e instalacións do aparcadoiro todos os servizos con competencias relacionadas coa materia. Resultando todos estes informes sectoriais, cuxa relación se inclúe nos antecedentes da presente proposta, favorables á recepción das obras. En consecuencia, en data 27 de outubro de 2010 procedeuse a levantar acta de Comprobación, comparecendo ó acto o Director de Proxecto e das obras, un Técnico Municipal e un representante do concesionario. A mesma se precisa que “queda condicionada ás observacións contidas nos diferentes informes relacionados no presente documento”. Así mesmo, se fai constar que non se incorpora o Documento de Valoración aludido no punto 4º do artigo 58 do prego de cláusulas administrativas, se ben a empresa adxudicataria se compromete a facilitar toda a información posible para a elaboración do Documento de Valoración pendente de aprobación polo órgano de contratación.

A comprobación se estenderá á totalidade da obra e instalacións cuxa apertura se pretenda, ós sistemas de seguridade e, calquera outra determinación contida nos proxectos de construción aprobados polo Concello (artigo 58. 3 PCAP).

A aprobación da Acta de Comprobación das obras polo Concello, levará implícita a autorización para a apertura ó servizo público do aparcadoiro. Se ben a súa posta en funcionamento requirirá o outorgamento previo da correspondente licenza municipal que autorice a actividade (artigo 58. 5 PCAP), licenza que lle foi outorgada polo Delegado da área de Urbanismo en data 21 de xaneiro de 2011.

Así mesmo, a data de aprobación da Acta de Comprobación inicia a fase de explotación do servizo público de aparcadoiro (artigo 58. 5 PCAP).

Terceiro.- A competencia para a aprobación da acta de comprobación do aparcadoiro subterráneo da rúa Policarpo Sanz correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Intervención Xeral e da Asesoría Xurídica (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobado a acta de comprobación do aparcadoiro subterráneo da rúa Areal, cuxa xestión lle corresponde en réxime de concesión de servizo público a ELOYMAR TRANVÍAS,U.T.E.

2º.- Autorizar a ELOYMAR TRANVÍAS, U.T.E. a apertura ó servizo público devandito aparcadoiro unha vez aprobada a licenza de funcionamento.”

## Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a acta de comprobación do aparcadoiro subterráneo da rúa Areal, cuxa xestión lle corresponde en réxime de concesión de servizo público a ELOYMAR TRANVÍAS, U.T.E.

2º.- Autorizar a ELOYMAR TRANVÍAS, U.T.E. a apertura ó servizo público devandito aparcadoiro unha vez aprobada a licencia de funcionamento.

### **23(1248) LICENZA DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DA RÚA AREAL. EXPTE. 308/420.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta a xefa do Servizo de Intervención na edificación, do 27.10.11, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES**

1.- *Don Eloy García Alvariza, en nome e representación de Eloymar Tranvías, UTE (CIF/DNI U36994994 ) solicitou, con data 10/10/11, licenza urbanística de funcionamento da actividade de APARCADOIRO SUBTERRANEO DE USO MIXTO composto de 2 sotos para un total de 330 prazas, das cales 243 serán de uso público, 64 para residentes, 11 para minusválidos e 11 para motos, situado baixo a rúa Areal e Xardíns de Eduardo González de Haz (expte. 308 /420 ).*

*A dita petición achegou:*

- Certificación de fin de obra e instalación documentación subscriba polo enxeñeiro técnico industrial, don Ramón Docampo Alonso , visada polo Colexio Oficial en data 28/09/11 e anexo ao certificado de dirección de obra de proxecto técnico de actividade para aparcadoiro de uso mixto da mesma autoría.*
- Certificación de fin de obra e instalación documentación subscriba polos arquitectos técnicos don José Antonio Areal Benavides e don Julio Millara Turienzo así como certificación e anexo dos arquitectos Fraga, G Quijada, Portoles y asociados S.L.P con visado do 7/10/11.*
- Estudio acústico realizada pola empresa Galaicontrol, SL, con data de visado colexial do 4/10/11 e anexo con visado do 11/10/11.*

2.- *En sesión de data 05/05/08, a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, acordou:*

*“1º.- Aprobar os proxectos de construción dos aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro presentados pola UTE Eloymar-Tranvías en datas 13/12/2007 e 10/01/2008 e redactados polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en datas 10/12/2007 e 08/01/2008.( expte 18144/240)”.*

3.- *O delegado de Área de Urbanismo e Vivenda en data 6/05/11 resolveu:*

*“SEGUNDO (expte 36215/422): CONCEDER a D. Eloy García Alvariza, en nome e representación de*

*Eloymar Tranvías, UTE, conforme ao proxecto de actividade e instalación redactado polo enxeñeiro técnico industrial, D. José Luis Camiña Martínez, visado polo colexio profesional en data 04/02/10 e planos reformados visados o 15/06/10, e informes favorables obrantes no expediente 36215/422, LICENZA municipal de ACTIVIDADE E INSTALACIÓN para APARCAMENTO SUBTERRANEO DE USO MIXTO, composto de 2 sotos para un total de 330 prazas, das cales 243 serán de uso público, 64 para residentes, 11 para minusválidos e 11 para motos, situado baixo a rúa Areal e Xardíns de Eduardo González de Haz.”*

*4.- A petición foi obxecto de informe polo Servizo de bombeiros o 10/10/11, polo arquitecto municipal o 14/10/11, polo enxeñeiro industrial en data 14/10/11, polo Laboratorio Municipal en data 17/10/11 e polo Servizo de Mobilidade, Seguridade e Transporte de data 25/10/2011.*

## **II. FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*A actuación proposta está suxeita a licenza conforme ó establecido nos artigos 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA), 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 (D. 28/1999), 2.1.2.1. das normas urbanísticas e 10.g) do anexo normativo sobre tramitación de licenzas e documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, con aprobación definitiva parcial mediante Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do 16/05/08 (anuncio publicado no DOGA do 3/06/08 e normativa publicada no BOP nº 151- anexo de data 6/08/08) e aprobación definitiva mediante Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 13/07/09 (anuncio publicado no DOGA do 24/07/09 e normativa publicada no BOP do 10/09/09), en diante PXOM-08, en relación co previsto na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental en Galicia e D. 156/1995 de Inspección Ambiental (DOG 05/06/95).*

*O enxeñeiro técnico industrial, don Ramón Docampo Alonso, emite certificación con data de visado colexial do 28/09/11 na que certifica que a execución material da instalación reseñada foi realizada baixo a súa inspección e control e que se atopa finalizada reunindo as condicións regulamentarias que lle afectan axustándose ao proxecto e anexo.*

*Os arquitectos técnicos don José Antonio Areal Benavides e don Julio Millara Turienzo e os arquitectos Fraga, G Quijada, Portoles y asociados S.L.P con visado do 7/10/11, certifican que con data do 30/09/11, a edificación reseñada quedou rematada baixo a súa dirección de conformidade co proxecto obxecto de licenza e a documentación técnica que o complementa, atopándose disposta para a súa correcta utilización con arranxo ás instrucións de uso e mantemento.*

*A enxeñeira técnica e o Xefe da Area de Mobilidade, Transportes e Seguridade informaron en data 25/10/2011 que: “(...) No referente a sinalización viária, está de acordo cos planos presentados.”*

*O enxeñeiro técnico industrial en data 14/10/11 emite o seguinte informe:*

*“Se aporta certificado de fin de obra del ingeniero técnico industrial Ramón Docampo Alonso de fecha de visado 28/09/2011 conforme la ejecución material de las obras e instalaciones se encuentran finalizadas y han sido realizadas bajo su inspección y control, reuniendo las condiciones reglamentarias que les afectan y han sido ejecutadas de acuerdo con el proyecto de actividad e instalaciones y anexos complementarios autorizados.*

*Girada visita de inspección a la instalación de referencia al objeto de comprobar si se ajusta al proyecto de actividad e instalaciones autorizado del ingeniero técnico industrial José Luis Camiña Martínez de fecha de visado 04/02/2010 y anexo reformado de fecha 15/06/2010, y si se cumplen con las condiciones necesarias para poder autorizar el inicio de la actividad; se ha de informar lo siguiente.*

*Las obras en lo concerniente a las instalaciones industriales han sido realizadas en lo básico de*

acuerdo con el proyecto autorizado, no obstante se han efectuado pequeñas modificaciones y ajustes en las instalaciones, según se refleja en los planos reformados aportados como anexo al certificado final de obra del ingeniero técnico industrial Ramón Docampo Alonso de fecha de visado 28/09/2011, que se consideran no sustanciales, y son motivadas por los cambios de distribución introducidos. Se aportan mediciones del nivel de ruidos transmitidos al exterior por el funcionamiento de las instalaciones de ventilación del garaje, realizadas por GALAICONTROL, S.L. empresa homologada por la Xunta de Galicia para realizar mediciones acústicas, se aportan mediciones firmadas por el ingeniero técnico de obras públicas Emilio Otero Martínez de fecha de visado 03/10/2011 y anexo visado de fecha 11/10/2011, correspondientes al nivel de ruidos transmitidos al exterior por el funcionamiento de las instalaciones de ventilación del garaje que en ningún caso superan los 45 dbA máximos permitidos en horario nocturno.”

A inspectora do Laboratorio municipal, en data do 17/10/11, informou que efectuada visita de inspección ó establecemento obxecto do presente expediente comprobouse que cumpre coas condicións hixiénico-sanitarias precisas para o desenvolvemento da actividade.

O oficial subxefe do Servizo de Bombeiros, en data 10/10/11 informa “Que, a devandita instalación conta co informe favorable, xa que axústase ao proxecto presentado.”

Pola súa banda, o 14/10/11 o arquitecto municipal emite o seguinte informe: “Xirada visita de inspección á instalación de referencia, o técnico que suscribe puido comprobar que as obras e instalacións executadas, recollidas no certificado final de obra emitido polo enxeñeiro técnico industrial D. Ramón Docampo Alonso visado con data 28/09/2011, se axustan substancialmente ao proxecto de actividade e instalación para aparcamento subterráneo de uso mixto, que obtivo licenza con data 06/05/2011, agás lixeiras modificacións básicamente en canto á ubicación da sala de control, vestiarios e aseos.”

A licenza de apertura é un acto regrado que ten por finalidade verificar o cumprimento das condicións de seguridade, salubridade e tranquilidade públicas e, por ende, as dispostas nos plans de urbanismo aprobados, como establece o artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e os artigos 195 da LOUGA e concordantes do decreto autonómico 28/1999, de 21 de xaneiro, nos que se sinala ademais que haberá de outorgarse –e no seu caso denegarse- de acordo coas previsións da lexislación e planeamento aplicables.

Asemade entre as finalidades da autorización de posta en funcionamento se encadra a de verificar que as obras e instalación da actividade se efectuaron conforme ós proxectos autorizados e se cumpriron as condicións impostas nas licenzas outorgadas e antes citadas, de xeito de se cumprir tódalas referidas condicións é obrigado o seu otorgamento.

No presente caso, verificado o axuste da actuación do administrado ás licenzas de obras e actividades e instalacións outorgadas conforme á lexislación e ó planeamento, procede autorizar a posta en funcionamento da actividade solicitada.

A maior abundamento, segundo o artigo 58.5 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares incorporado ao expediente de contratación do concurso para a xestión mediante concesión do servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade (expte. 72151/210), aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14/08/06, a aprobación da acta de comprobación das obras polo Concello, levará implícita a autorización para a apertura ó servizo público do aparcadoiro. A súa posta en funcionamento requirirá o otorgamento previo da correspondente licenza municipal que autorice a actividade. A data de aprobación da Acta de Comprobación iniciará a súa fase de explotación do Servizo Público.

### III. PROCEDIMIENTO

Na tramitación das peticións recabáronse os informes técnicos preceptivos segundo determinacións da LOUGA, PXOM-08 e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, en relación co artigo 12 do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro.

O presente expediente tramitouse baixo o procedemento establecido no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

#### IV. COMPETENCIA

Consonte co acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 17/06/11, é competente para resolver a petición a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos.

O artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante LRX-PAC) sinala: “1. Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. Nos supostos de delegación de competencias en órganos non xerarquicamente dependentes, o coñecemento dun asunto poderá ser avocado unicamente polo órgano delegante.”

O artigo 116 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986 (ROF) en relación coa avocación remite á LRXAP- PAC.

De conformidade cos artigos 195º.2. da LOUGA, 127.1.e) da vixente LRBRL, a competencia para resolver a petición correspondelle, logo da avocación, á Xunta de Goberno Local.

#### CONCLUSIÓN

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos FORMÚLASE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A SEGUINTE PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

**PRIMEIRO.-** AVOCAR na Xunta de Goberno Local a competencia, concretamente, en relación á licenza de posta en funcionamento da actividade de APARCADOIRO SUBTERRANEO DE USO MIXTO composto de 2 sotos para un total de 330 prazas, das cales 243 serán de uso público, 64 para residentes, 11 para minusválidos e 11 para motos, situado baixo a rúa Areal e Xardíns de Eduardo González de Haz, mantendo nos restantes asuntos o acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 17/06/11.

**SEGUNDO.-** CONCEDER a don Eloy García Alvariza, en nome e representación de Eloymar Tránvías, UTE, segundo os informes e documentación obrantes no expediente 308 /420, licenza de posta en funcionamento da actividade de APARCADOIRO SUBTERRANEO composto de 2 sotos para un total de 330 prazas, das cales 243 serán de uso público, 64 para residentes, 11 para minusválidos e 11 para motos, situado baixo a rúa Areal e Xardíns de Eduardo González de Haz; cuxa licenza municipal de actividade e instalacións fora outorgada por resolución do delegado da Área de Urbanismo e Venda en data 6/05/11 (expte. 36215/422).

O presente acto administrativo suxeitase ás seguintes condicións:

1.- Deberá axustarse e cumprir en todo momento no desenvolvemento da actividade coas condicións e

*medidas correctoras sinaladas na devandita licenza de actividade e anexo, como se comprobou polos técnicos municipais.*

*2.- Deberá manter en todo momento as medidas de seguridade de protección contra incendios comprobadas, conforme ós proxectos e condicións das licenzas autorizados.*

*3.- Deberá cubrir a responsabilidade técnica á que haxa lugar, fundamentalmente no que atinxe ao cumprimento da normativa contra incendios.*

*4.- O aforo máximo autorizado para o local é de 256 persoas, debendo reflectirse nunha placa á entrada do local, en lugar ben visible, a devandita actividade e o aforo máximo autorizado.*

*5.- Deberá cumprir, en todo momento, estritamente coa vixente ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*

*6.-Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación; a licenza enténdese concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros e das demais autorizacións que fosen precisas doutras Administracións públicas para o desenvolvemento da actividade.*

*7.- O inicio da actividade e explotación do aparcadoiro público condicionase á data de aprobación da Acta de Comprobación pola Xunta de Goberno Local.*

#### **CADUCIDADE**

*Lémbreselle respecto da caducidade da licenza de actividade que:*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (Normas urbanísticas do PXOM-08 en relación co art. 197.1 da LOUGA):*

*Cando non se tivese iniciado a actividade amparada pola licenza de actividade no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*

*Cando o funcionamento da actividade fose interrompido durante un período superior a seis (6) meses.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ó da recepción da notificación desta resolución.*

*Non en tanto, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notificar a resolución.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(1249) ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.